

TEMA 10

A ACTIVIDADE ECONÓMICA E SECTORES PRODUTIVOS. AXENTES ECONÓMICOS. A ECONOMÍA GLOBALIZADA E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

1. AS ACTIVIDADES ECONÓMICAS


- **Actividade económica:** Actividades dos seres humanos destinadas a organizar a produción, a distribución e o consumo de bens e servizos cos que atender as súas necesidades.
- **Necesidade humana:** É a sensación de carencia de algo (obxecto, servizo, recurso) unida ao desexo de satisfacela, para lograr así a supervivencia ou benestar dunha persoa.
 - **Necesidades primarias:** Son as fundamentais ou imprescindibles para a supervivencia dos seres humanos.
 - **Necesidades secundarias:** Poden ser importantes para os seres humanos, pois aumentan o seu benestar, pero non son imprescindibles.
- **Fases:**
 - 1. PRODUCCIÓN**
 - Actividades humanas que teñen como finalidade a obtención de bens e servizos. Para facelo utiliza os recursos naturais, o traballo das persoas, a técnica...
 - Tipos de **bens**:
 - De **consumo** ou **finais**: roupa, mobles...
 - De **produción** ou **intermedios**: máquinas, ferramentas...
 - Produción de **servizos**: creación e organización de hospitais, redes de transporte...
 - 2. COMERCIALIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN**
 - Conxunto de actividades realizadas co obxectivo de poñer os bens e servizos a disposición dos consumidores. Os produtos póñense á venda no mercado e o consumidor os compra.
 - A venda pode ser:
 - **Por xunto:** compran grandes cantidades para vender a outros comerciantes.
 - **Polo miúdo:** venda ao público.
 - 3. CONSUMO**
 - Actividades nas que os consumidores fan uso dos bens e servizos. A sociedade actual tende a incentivar o consumo, a crear novas necesidades chegando ao **consumismo**.
 - **Bens:** Produtos ou servizos cos que as persoas satisfán as súas necesidades.
 - **Materiais:** Produtos ou obxectos destinados a cubrir as necesidades dos seres humanos; son algo concreto, que podemos ver e tocar.
 - **Inmateriais:** Servizos ou prestacións para cubrir as necesidades persoais ou sociais dos seres humanos; non suponen a produción dun obxecto.
 - **Non duradeiros:** comida, auga...
 - **Duradeiros:** roupa, electrodomésticos, coches...

2. FACTORES DE PRODUCCIÓN

- **RECURSOS NATURAIS E MATERIAS PRIMAS**
 - Recursos que extraemos da natureza: auga, petróleo, madeira, alimentos, animais...
 - Renovables: - Inesgotables: sol, vento, auga.
- Parcialmente renovables: solo, animais, plantas.
 - Non renovables: minerais, combustibles fósiles.
 - Son escasos ⇒ Necesidade de evitar a sobreexplotación.
 - **Desenvolvemento sostible**: Satisfacer as necesidades do presente sen comprometer a capacidade das futuras xeracións, garantindo o equilibrio entre o crecemento económico, o coidado do medio ambiente e o benestar social.
- **TRABALLO**
 - Actividade humana para producir bens ou subministrar servizos útiles ás persoas.
 - Tipos: - Traballo por conta allea.
- Traballo autónomo.
- **CAPITAL**
 - Tipos: - Capital **físico**: terreo, edificios, maquinaria, materias primas...
- Capital **humano**: empresarios e empregados.
- Capital **financiero**: cartos e activos financeiros (accións, bonos).
- **TECNOLOXÍA, COÑECEMENTO E INICIATIVA EMPRESARIAL**
 - Procedementos para obter bens e servizos: manuais, mecánicos, tecnificados.
 - Avances técnicos → mellora da calidade, aforro de custos, aumento da eficiencia, redución do tempo.
 - Investimentos de capital, persoal cualificado, constante renovación → **Competitividade**.

3. OS AXENTES ECONÓMICOS

- Persoas, grupos ou institucións que interveñen no funcionamento da economía (producen, intercambian, consumen).



- **CIRCUITO ECONÓMICO:** A economía de calquera territorio funciona como un circuito, no que os produtores e os consumidores se relacionan mediante o intercambio nos mercados. Estas relacións entre produtores e consumidores provocan a diario **fluxos de bens e servizos**, que se desprazan duns lugares a outros mediante o emprego dos transportes. Como contrapartida, prodúcese unha corrente de **fluxos monetarios**.
- **Axentes económicos:**
 - **FAMILIAS ou ECONOMÍAS DOMÉSTICAS**
 - Axente de consumo fundamental.
 - Boa parte dos seus recursos económicos son para mercar bens e servizos.
 - Ingresos familiares procedentes dos salarios do traballo.
 - **EMPRESAS**
 - Principal axente de produción e distribución. Utilizando o traballo e o capital, fabrican e distribúen bens e servizos.
 - Custo de produción: resultado do prezo da materia prima, enerxía, maquinaria, instalacións, transporte, salarios e xuros que paga a empresa.
 - Beneficio: diferenza entre o custo de produción e o prezo de venda no mercado.
 - Segundo o tamaño:
 - Empresas multinacionais.
 - Empresas medianas.
 - Pequenas empresas.
 - Segundo a actividade: sector primario, secundario e terciario.
 - Segundo a titularidade do capital: públicas, privadas ou mixtas.
 - **ESTADO**
 - O sector público ou estatal comprende o conxunto de actividades e iniciativas económicas e sociais que realiza o Estado cos impostos que pagan os cidadáns e as empresas:
 - Administración pública.
 - Promover a actividade económica e as relacións sociais entre as persoas: infraestruturas, equipamentos, obras públicas.
 - Ofrecer servizos públicos: educación, sanidade, transporte, policía.
 - Ofrecer outras prestacións sociais: pensións, axudas, subsidios.

4. O SECTOR PRIMARIO. A AGRICULTURA

4.1. HISTORIA

- 7500 a.C.: Neolítico ⇒ Aparece a agricultura e a gandería.
- S. XVIII: Revolución Agraria (Gran Bretaña):
 - ↓
 - Cambios técnicos: supresión do barbeito, mecanización...
 - Aumento da produción.
- Consecuencias:
 - Expulsión de man de obra (éxodo rural).
 - Melloras na alimentación.
 - Descenso da mortalidade ⇒ Crecemento da poboación.
- Extensión dos cambios a Europa Occidental, EE.UU. e Xapón.
- Continúan os métodos tradicionais en África, Asia e América Latina.

4.2. FACTORES FÍSICOS

CLIMA	Limitan ou impiden o desenvolvemento da agricultura: • As temperaturas excesivamente altas ou baixas. • A escaseza de precipitacións.
RELEVO A maior ou menor inclinación do terreo	• A agricultura localízase en chairas e fondos de vales. • A pendente dificulta o traballo e a mecanización. • Para gañar terreo constrúense socalcos e bancais. • Máis altitude = menor temperatura ⇨ Afecta aos cultivos.
SOLO Sales minerais e restos orgánicos	O aproveitamento agrario do solo depende de: • A textura (tamaño das partículas) → Condiciona a retención de auga. • A acidez → Condiciona a fertilidade.
AUGA Disolve as sales minerais	• Sociedades atrasadas → dependencia das condicións físicas. • Sociedades moi tecnificadas → menor dependencia (regadío, abonos, invernadoiros, solos artificiais, etc.).

4.3. AS PAISAXES AGRARIAS

- Son paisaxes naturais modificadas para obter produtos da natureza e que evolucionaron para aumentar o seu aproveitamento.
- Os **elementos** que caracterizan a paisaxe son: as parcelas (grandes, medianas, pequenas, abertas, pechadas), os sistemas de cultivo (policultivo/monocultivo, regadío/secaño, intensivos/extensivos) e o poboamento (disperso/concentrado).

4.4. AGRICULTURA DE SUBSISTENCIA

- Orientada a producir o necesario para a supervivencia.
 - Máis de 2/3 partes do solo e do traballo para autoconsumo.
 - Técnicas de cultivo rudimentarias. Ocupan moita poboación.
 - Explotación constante das terras.
 - Pouca eficacia das técnicas de cultivo ⇨ Rendemento moi baixo.
 - Mala calidade das sementes.
- Baixo rendemento + Secas e pragas = Poboación pobre mal alimentada
- Segundo as técnicas de cultivo e produción:
 - **Agricultura itinerante por cremación** (África, América do Sur, Asia).
 - Os campos de cultivo obtéñense da queima do bosque ou a sabana: tálense matorrais e árbores; préndeselles lume; as cinzas serven de abono ao solo; remóvese con aixadas ou paus; plántanse sementes (millo miúdo, mandioca).
 - Son produtivos 3 ou 4 anos porque os solos erosionanse e esgótanse.
 - Os agricultores abandonan as terras e desprázanse a outras zonas.
 - Os campos volven ao seu estado orixinal e poden cultivarse nuns anos.
 - **Agricultura extensiva de secaño** (zonas secas de África).
 - Baseada na asociación de agricultura e gandería (proporciona abono).

- Terras separadas en 3 follas por sebes (unha en barbeito para pasto do gando; dúas cultivadas de cacahuetes e millo miúdo).
- Rotación trienal que asegura a fertilidade.
- **Agricultura irrigada do arroz** (Asia monzónica).
 - O arroz non empobrece o solo e permite alimentar a moita xente
 - Zonas de choivas abundantes (monzóns), invernos cálidos e terras fértiles.
 - Agricultura moi intensiva con dúas colleitas, unha en verán e outra en inverno.
 - Os campos deben ser chans e con muros resistentes e impermeables.

4.5. AGRICULTURA DE MERCADO

- Paso da agricultura de subsistencia á de mercado → Revolución agraria.
- As melloras na agricultura permitiron alimentar á poboación; obter sobrantes ou excedentes; reinvestir en maquinaria, sementes, abonos.
- América do Norte, Europa Occidental, Xapón, Australia, Nova Zelandia, Arxentina, Brasil.
- Ten dous grandes obxectivos: aumentar as vendas e reducir os custos.
- Estes obxectivos conséguense mediante:
 - A **mecanización** do campo. A utilización de maquinaria permite aforrar man de obra., aumentar a produción, reducir os prezos dos produtos.
 - A **especialización** da produción fai posible aumentar a produción, mellorar a comercialización (esixencias do mercado e venda de máis cantidade).
 - A **rápida comercialización**. Os modernos medios de transporte axilizan a comercialización de produtos frescos entre rexións e países; e permiten utilizar transportes axeitados ao tipo de produto (pesado, perecedeiro).

a) Agricultura de especulación

- **Agricultura especializada de EEUU**
 - Grandes explotacións de monocultivo (trigo, millo, algodón).
 - Explotacións moi automatizadas que necesitan pouca man de obra.
 - Técnicas máis avanzadas (selección de sementes, loita contra pragas).
 - Producen grandes cantidades de produtos de calidade.
- **Agricultura de plantación en zonas tropicais**
 - Grandes explotacións de monocultivo (café, té, cacao, etc.).
 - Utilizan moita man de obra. Os produtos non admiten mecanización.
 - Multinacionais estranxeira: realizan moitos investimentos; obteñen elevados beneficios; encárganse da comercialización internacional.

b) Agricultura mediterránea

- Agricultura tradicional que para aumentar a produción e a rendibilidade tivo que adaptarse ás novas técnicas (irrigación, abonos).
- Cultivo de produtos típicos de outras zonas do mundo (tropicais ou subtropicais) con moito valor no mercado.
- Podemos atopar:
 - Cultivos de secaño de baixos rendementos (vide, oliveira, trigo).
 - Cultivos de regadío máis rendibles (froitas e hortalizas).
 - Cultivos de invernadoiro (piñas, aguacates, mangos).

5. O SECTOR PRIMARIO. A GANDARÍA

5.1. GANDARÍA TRADICIONAL

- Complementa á agricultura ⇒ Animais para traballar e procurar abono.
- Pequenos rabaños de ovellas e cabras proporcionan leite, carne e la.
- Zonas intertropicais, algunhas monzónicas e mediterráneas.
- Zonas moi secas: gandaría de subsistencia de pastores nómades.

5.2. GANDARÍA COMERCIAL OU DE MERCADO

- Obxectivo: Vender a produción no mercado e obter o máximo beneficio.
- **Gandaría extensiva**
 - Lugares con grandes pastos.
 - Rabaños moi numerosos de vacún (O de EEUU e Pampa arxentina) e de ovellas (Patagonia arxentina, Australia ou Sudáfrica).
 - Pouca man de obra. Os rabaños pastan libres.
 - Moitos capitais para sumar moitas cabezas e dispoñer de estruturas comerciais.
- **Gandaría intensiva**
 - Explotacións moi especializadas.
 - Moito capital en man de obra, investimentos, instalacións, alimento.
 - Obtención de moitos exemplares nun espazo reducido.
 - Os animais críanse en réxime de estabulación ou semiestabulación.
 - Principalmente gando bovino (carne e leite) e avicultura.

5.3. CRÍA E ALIMENTACIÓN DO GANDO

- **Estabulado**
 - Aliméntase de pensos en granxas e establos.
 - Controis sanitarios e de calidade dos produtos.
 - Países desenvolvidos: Europa e América do Norte.
- **Semiestabulado**
 - Pastos naturais en verán e forraxes o resto do ano.
 - Zona atlántica de Europa, EEUU, Nova Zelandia e zonas de montaña.
- **Non estabulado**
 - Aliméntase só de pastos naturais.
 - Gandaría extensiva para produción de carne.
 - Zonas pouco poboadas: O de EEUU, Arxentina, Australia e Sudáfrica.

6. SECTOR PRIMARIO. A PESCA

6.1. TIPOS E TÉCNICAS

- Aproveitamento dos recursos animais que ofrece o mar.
- **Pesca tradicional ou artesanal**
 - ✓ Realízase cerca da costa.
 - ✓ Forza humana e aparellos sinxelos.

- ✓ Mantense en rexións pouco desenvolvidas.
- ✓ Producción escasa, para autoconsumo.
- ✓ En países ricos para capturas de moito valor (langosta).
- **Pesca industrial.** Para obter un gran volume de capturas necesita:
 - ✓ Recursos económicos (equipamento de barcos, sistemas de pesca).
 - ✓ Tecnoloxía avanzada (aumentar capturas).
 - ✓ Infraestruturas portuarias (desembarcar e distribuír a pesca).
- **Segundo o lugar onde se practica:**
 - ✓ **Pesca de baixura:** Barcos pequenos que faenan cerca da costa. Descargan na lonxa.
 - ✓ **Pesca de altura:** Flotas de barcos grandes e ben equipados; permanecen semanas ou meses en alta mar; utilizan radares, sonares e instalacións de frío.
 - ✓ **Gran pesca:** Faenan en augas moi lonxanas (barcos subministradores).

6.2. PRINCIPAIS ZONAS PESQUEIRAS

- **Caladoiros:** Zonas con capturas máis abundantes.
 - ✓ Zonas onde a plataforma continental é extensa: mar do Norte e mar do Xapón.
 - ✓ Zonas de contacto entre correntes mariñas frías e cálidas: mar do Xapón e Terranova.
 - ✓ Zonas costeiras cerca das que pasa unha corrente mariña fría: costa S de Chile e N de Perú e as costas do SO de África.
- Xapón e Rusia, os maiores produtores, compiten en todos os mares.
- **España:**
 - Conta cunha frota pesqueira importante.
 - Os caladoiros atlántico e mediterráneo están moi esgotados.
 - Debe faenar no mar do Norte, o Atlántico Norte e as costas africanas.

6.3. PROBLEMAS DA PESCA

- **A sobrepesca**
 - ✓ O número de barcos e as técnicas levaron a unha sobreexplotación.
 - ✓ As reservas de pesca ata o límite máximo sostible.
 - ✓ Algunhas organizacións propoñen: uso obrigado de redes de malla ancha, control do tamaño mínimo das capturas, establecemento de tempadas de veda, limitación da capacidade das frots pesqueiras.
- **Falla de caladoiros**
 - ✓ Por ampliación das augas xurisdicionais (200 millas).
 - ✓ Os grandes países pesqueiros tiveron que: abandonar caladoiros; reducir as súas frots; establecer convenios con países moi alonxados.
- **Contaminación das augas**

6.4. EXPLOTACIÓN SOSTIBLE DOS RECURSOS MARINOS

- Os recursos animais e vexetais do mar son limitados.
- Hai que asegurar unha explotación sostible dos recursos mariños.
- Algunhas organizacións propoñen: normativas de pesca severas; repoboar o mar con cría artificial de peixe; limitar o número de embarcacións (comprar frots, subsidios); a acuicultura como alternativa.

7. SECTOR SECUNDARIO. AS MATERIAS PRIMAS E MINARÍA

7.1. MATERIAS PRIMAS NATURAIS

- **Orixe animal (*RENOVABLES*)** - Procedentes da gandería (la, peles) ⇒ Industria téxtil.
- Peixe ⇒ para fabricar conservas, aceites e fariñas.
- **Orixe vexetal (*RENOVABLES*)** - Produtos agrícolas (algodón) ⇒ tecidos.
- Produtos forestais (madeira, caucho) ⇒ mobles, pneumáticos.
- **Orixe mineral (*NON RENOVABLES*):** Do subsolo, necesitan unha transformación previa.
✓ Clasificación: - Minerais metálicos ⇒ Industria siderúrxica e metalúrxica.
⇒ Metais preciosos (ouro, prata, platino).
- Minerais non metálicos: sal, xofre, rochas industriais.
⇒ Minerais enerxéticos (carbón, petróleo, gas natural e uranio).
- **Orixe artificial** (Produtos semielaborados pola industria química).

7.2. A MINARÍA

- Conxunto de procesos para extraer os minerais do subsolo.
- As explotacións mineiras poden ser a ceo aberto e subterráneas.
- Os países ricos e industriais son os grandes consumidores.
- Os países pobres e pouco desenvolvidos son grandes produtores.
- Grandes empresas explotan e comercializan os mellores xacementos dos países pobres.

8. SECTOR SECUNDARIO. FONTES DE ENERXÍA

8.1. CLASIFICACIÓN

- Segundo a posibilidade de que se esgoten:
✓ **Renovables.** Son inesgotables: sol, auga, vento.
✓ **Non renovables.** Cantidades limitadas: carbón, petróleo, gas natural, uranio.
- Segundo a súa importancia económica:
✓ **Tradicionais.** As máis utilizadas: carbón, petróleo, gas natural, uranio, enerxía hidráulica.
✓ **Alternativas.** En fase de investigación e desenvolvemento: solar, eólica, xeotérmica, mareomotriz, undimotriz.

8.2. FONTES DE ENERXÍA TRADICIONAIS

- **Carbón,** mineral combustible fósil orixinado pola descomposición de vexetais sepultados durante millóns de anos. É a enerxía máis importante ata a segunda metade do S.XX. Emprégase para xerar enerxía eléctrica en centrais térmicas. Foi superado polo petróleo e gas natural, con aínda amplas reservas. É o máis contaminante.
- **Petróleo,** combustible fósil orixinado pola descomposición de vexetais e animais sepultados durante millóns de anos. É a enerxía máis utilizada polo seu poder calorífico e fácil extracción e transporte. Utilízase para a produción de electricidade e medios de transporte. É a materia prima para a industria química (plástico, pinturas, fibras). Os problemas son a contaminación, accidentes e riscos xeoestratéxicos nos países produtores.

- **Gas natural**, de orixe e formación semellantes ao petróleo, aparecen xuntos nos xacementos. Úsase como combustible (calefacción e produción de electricidade). É materia prima na industria química. É menos contaminante que o petróleo e o carbón. Ten gran impacto medioambiental por construción de gasodutos.
- **Enerxía hidráulica**, enerxía da auga acumulada nos encoros para obter electricidade. Prodúcese nas centrais hidroeléctricas instaladas nos vales de ríos con caudal abundante e regular durante todo o ano. Non contamina pero causa impactos medioambientais.
- **Enerxía nuclear**. Utilízanse combustibles nucleares radioactivos como o uranio. Os reactores das centrais nucleares xeran electricidade. Existe o risco de accidentes moi graves por radiación. O maior problema son os residuos radioactivos. Non emite gases de efecto invernadoiro.
- **Localización** das fontes de enerxía tradicionais

Carbón	✓ Moi abundante na natureza. ✓ China, Estados Unidos, India, Rusia, Sudáfrica e Unión Europea.
Petróleo	✓ Principal fonte de enerxía na actualidade. ✓ Oriente Medio, EEUU, Irán, Rusia, México, Venezuela. ✓ Europa apenas ten recursos: Noruega, Reino Unido.
Gas natural	✓ Países do Golfo Pérsico, EEUU, Rusia, Canadá, Arxelia.
Enerxía nuclear	✓ Modesta participación na enerxía mundial. ✓ Estados Unidos, Francia, Xapón, Alemania. ✓ Problemas de residuos/alternativa á dependencia do petróleo.
Hidroelectricidade	✓ Moi desenvolvida nos países industriais. ✓ Canadá, Brasil, EEUU, China, Rusia.

8.3. FONTES DE ENERXÍA ALTERNATIVA

Solar ou fotovoltaica	✓ A favor: abundante e inesgotable (paneis difíciles de reciclar). ✓ En contra: variación da radiación solar ao longo do día, das estacións e de distintas zonas da Terra. ✓ Aplicacións industriais e domésticas (auga quente, electricidade). ✓ Paneis solares fotovoltaicos convirten a enerxía solar en eléctrica.
Eólica	✓ Aproveitamento da forza do vento para obter electricidade. ✓ A favor: renovable e non contamina a atmosfera. ✓ En contra: localizada, irregular. Impacto paisaxístico e contaminación acústica. ✓ Aeroxeradores en espazos con vento constante. ✓ España, EEUU, Alemaña e Dinamarca.
Xeotérmica	✓ Aproveita a calor do interior da Terra. ✓ Zonas de intensa actividade volcánica.
Mareomotriz	✓ Aproveita o movemento vertical da auga do mar. ✓ Diferentes sistemas, enerxía das mareas.
Bioenerxía ou biomasa	✓ Combustión de materia vexetal ou animal. ✓ A leña dos bosques/países máis pobres. ✓ Biogás: fermentación de estiércol animal. ✓ Biocarburantes: de aceites vexetais e graxas animais.
Undimotriz	✓ Aproveita o movemento das ondas. ✓ Aparello flotante artellado: “serpe mariña”.
Enerxía azul	✓ Diferenzas de presión entre auga doce dun río e auga salgada do mar. ✓ Futuro moi prometedor.

9. SECTOR SECUNDARIO. A INDUSTRIA

- Conxunto de actividades para transformar as materias primas en produtos para o consumo:
 - Produtos elaborados para consumir directamente.
 - Produtos semielaborados para fabricar outros produtos industriais.
- **HISTORIA:**
 - Inicios da industrialización: **Revolución industrial** (S.XVIII).
 - ✓ Primeiros cambios na industria téxtil en Inglaterra.
 - ✓ Enerxía hidráulica e do carbón (máquina de vapor).
 - ✓ Máis rapidez e eficacia⇒aumento produtividade⇒prezo máis baixo.
 - ✓ As máquinas instaláronse en fábricas ou factorías.
 - **Industria actual:**
 - ✓ Automatización e sofisticación dos procesos (informática-robótica).
 - ✓ Redución de man de obra.
 - ✓ Produtos cada vez máis diversos (expórtanse a calqueira parte).
 - ✓ Deslocalización e desestruturación da produción.

9.1. CLASIFICACIÓN DAS INDUSTRIAS

a) Segundo o destino dos produtos fabricados:

INDUSTRIAS DE BENS DE PRODUCCIÓN

- ✓ Produtos semielaborados que son materia prima de outras industrias.
- ✓ Denomínase tamén industria pesada (siderurxia, cemento...).
- ✓ Grandes instalacións, moita man de obra e investimentos de capital.
- ✓ Industrias de equipo: utilizan os produtos da industria de base como materia prima.

INDUSTRIAS DE BENS DE USO E CONSUMO

- ✓ Producen artigos destinados ao mercado e a os consumidores.
- ✓ Denomínanse tamén **industrias lixeiras** (técnica, alimentación).
- ✓ Instalacións máis pequenas, menos man de obra e capital que a industria pesada. Os bens que producen son de pouco volume.

b) Segundo o seu nivel técnico

INDUSTRIAS TRADICIONAIS

- ✓ Man de obra abundante e pouco cualificada.
- ✓ Baixos salarios e pouca tecnoloxía: técnica, calzado.

INDUSTRIAS DE TECNOLOXÍA MEDIA

- ✓ Foron trasladándose das rexións desenvolvidas a zonas en expansión.
- ✓ Exemplos: material eléctrico, transportes.

INDUSTRIAS PUNTA

- ✓ Utilizan as tecnoloxías máis avanzadas (microelectrónica, robótica...).
- ✓ Personal moi preparado e especializado.
- ✓ Equipos investigación⇒investimento capital/descubrimentos⇒beneficios.
- ✓ Países ricos, cerca de grandes universidades.

9.2. FORMAS DE CONCENTRACIÓN INDUSTRIAL

- A maior complexidade da industria, maior división e especialización da produción.
- O aumento da especialización supón a concentración de empresas para ser competitivas:
 - **Concentración horizontal:** varias empresas dun mesmo sector
 - **Concentración vertical:** distintos produtos dun mesmo sector
- **Resultado** ⇒ Grandes complexos industriais que:
 - ✓ Concentran a produción.
 - ✓ Reducen gastos (transporte).
 - ✓ Reparten custos fixos (mantemento, publicidade).

9.3. LOCALIZACIÓN DA INDUSTRIA NO MUNDO

a) Factores de localización

- ✓ Obxectivo das empresas: aumentar vendas e reducir custos.
- ✓ Calidade dos produtos ⇒ competitividade ⇒ beneficios.
- ✓ A localización inflúe en reducir gastos e aumentar beneficios.
- ✓ S.XVIII e XIX localización xunto a materias primas e fontes de enerxía (carbón e ferro) para reducir o custo do transporte. Na actualidade non son condicionantes.

b) Localización da industria actual

- ✓ Industrias que manteñen a súa localización tradicional.
 - Teñen boas infraestruturas, industrias complementarias...
 - E e SE de EEUU, Eixe Europeo, Xapón.
- ✓ Industrias que necesitan moita man de obra sen cualificar.
 - Países con man de obra barata (China, SE Asia, México, Este Europa, Sudáfrica).
- ✓ Industrias que necesitan tecnoloxía e investigación.
 - Países con man de obra especializada (Alemaña, Finlandia, Xapón).
 - Cerca de universidades ou en parques tecnolóxicos (Silicon Valley).
- **Deslocalización:** Traslado de industrias desde zonas desenvolvidas a países con man de obra abundante e barata, con avantaxes fiscais (impostos baixos) e permisivos coa contaminación.
- **Desestruturación:** Separación do proceso produtivo en fábricas repartidas polo mundo, realizando en diferentes lugares distintas fases da produción buscando as zonas máis vantaxosas.

10. AS ACTIVIDADES TERCIARIAS

- O terciario é o sector económico que non produce bens materiais; presta servizos á poboación.
- Gran diversidade de actividades e crecente man de obra no sector.
- Cambios recentes que favorecen a expansión do sector terciario:
 - Desenvolvemento técnico e científico (sociedade da información).
 - Mundialización da economía.
- Hai que distinguir entre o sector:

- ✓ **Terciario superior ou cuaternario:** - Actividades relacionadas coa ciencia e coa técnica.
- Persoal cualificado e salarios elevados.
- ✓ Sector **terciario banal:** Pouca preparación e baixa remuneración.
- Os servizos multiplícanse para dar resposta a cambios sociais recentes: o aumento da esperanza de vida; a incorporación da muller ao mercado laboral; a redución da xornada laboral e as vacacións pagadas; a terciarización da industria.
- **Características das actividades terciarias:** moi heteroxéneas pola variedade de servizos, pola cualificación do persoal e polo tamaño das empresas; intanxibles e inmateriais; imposibles de almacenar; situadas preto do consumidor; nivel de mecanización relativamente baixo; en expansión en todos os países do mundo; desigualmente repartidas no mundo.
- **Factores da expansión nos países ricos:**
 - ✓ Aumento dos ingresos e mellora do nivel de vida.
 - ✓ Estado do Benestar ⇒ Extensión a toda a poboación dos servizos públicos: sanidade, educación.
 - ✓ Melloras nas empresas para aumentar a súa produtividade (informática, deseño, publicidade...)
 - ✓ Desenvolvemento do capital financeiro ⇒ máis empresas, bancos, aseguradoras, etc.
- **Nos países pobres:**
 - ✓ Acceso aos servizos das clases altas.
 - ✓ Empregos mal pagados e pouco produtivos.
- **Clasificación das actividades terciarias:**
 - ✓ **Administración pública e servizos sociais:** administración, educación, sanidade, xustiza, seguridade.
 - ✓ **Servizos comerciais e de distribución:** actividades relacionadas coa circulación de persoas, bens e información.
 - ✓ **Servizos empresariais e financeiros:** algunhas empresas encargan os seus servizos a outras empresas terciarias especializadas (movementos de capital, innovación tecnolóxica, asesoramento legal).
 - ✓ **Servizos ao consumidor:** comercio ao por menor, hostalaría, información, ocio, reparacións.
- Segundo a cualificación do persoal pódense distinguir:
 - Servizos **avanzados** ⇒ persoal cualificado.
 - Servizos **banais** ⇒ baixa cualificación.

11. SECTOR TERCIARIO. ACTIVIDADES COMERCIAIS

11.1. CARACTERÍSTICAS E DEFINICIÓN

- Comercio: compra e venda de mercadorías para satisfacer as necesidades da poboación.
- As actividades comerciais poden darse dentro dun Estado ou entre diferentes Estados:
 - Comercio **interior**, dentro dun país. Tipos: por xunto e polo miúdo ou ao detalle.

- Comercio **exterior**, o que realiza un país con outros países: importacións e exportacións.
- **Balanza comercial**: diferenza entre os bens que un país vende ao exterior e os que compra a outros países. Pode ser:
 - **Negativa**: as importacións superan ás exportacións.
 - **Positiva**: as exportacións superan ás importacións.
- **Balanza de pagamentos**: rexistra todos os intercambios económicos dun país, de bens materiais, de servizos, ou de bens financeiros. Pode ser:
 - **Excedentaria**: na balanza de pagamentos os ingresos superan aos gastos.
 - **Deficitaria**: na balanza de pagamentos os gastos superan aos ingresos.

11.2. COMERCIO INTERNACIONAL

- **Características do comercio actual**:
 - Mover enormes cantidades de produtos moi diferentes.
 - Crear una rede de relacións de ámbito mundial.
 - Ser unha actividade que ocupa a moitas persoas.
 - Concentrarse de forma crecente nun reducido número de empresas.
- **Intercambios comerciais internacionais**
 - Segunda metade do S.XX ⇒ Desenvolvemento espectacular do comercio internacional:
 - Espazos cada vez máis amplos.
 - Aumento constante do valor económico.
 - Escenarios: Europa, Xapón, China, Asia Or., EEUU.
 - Produtos: electrónicos, eléctricos, químicos, industriais...

11.3. BLOQUES COMERCIAIS

- Os **bloques comerciais** son agrupacións de países para eliminar rivalidades e regular os fluxos. Estes bloques teñen en común: proximidade espacial, unión aduaneira, redistribución industrial, fronte común, complementariedade e unión de esforzos.
- Os intercambios comerciais producen un movemento entre vendedores e compradores comparable aos fluxos da auga nos ríos. Poden ser:
 - **Fluxos de materias primas**: intercambios comerciais internacionais porque os países produtores non son sempre grandes consumidores de estos.
 - **Fluxos de produtos manufacturados**: claves nos países industrializados.
 - **Fluxos de capitais**: movilizan enormes cantidades de diñeiro que circulan constantemente por todo o mundo.

12. SECTOR TERCIARIO. OS TRANSPORTES

- O transporte é a actividade mediante a cal unha persoa ou mercadoría trasládase dun lugar a outro. Na actualidade o transporte cumpre tres funcións importantes: permite o desprazamento cotián da poboación; posibilita os desprazamentos a lugares moi lonxanos; fai posible a distribución de bens e servizos.
- A revolución dos medios e infraestruturas de transporte nos últimos anos tivo como obxectivo transportar maior cantidade e aumentar a seguridade.

- Os cambios máis significativos no transporte foron os seguintes: o aumento da tonelaxe, a intermodalidade, o aumento da velocidade, a mellora na infraestrutura viaria, o aumento da seguridade, a redución no prezo do transporte, os avances nas telecomunicacións

12.1. REDES E TRANSPORTES TERRESTRES

- Redes de transporte: conxunto de infraestruturas por onde circulan con facilidade os vehículos. As redes estrutúranse de xeito desigual:
 - Nas zonas economicamente máis importantes son extensas e de boa calidade.
 - Nos países pobres as redes de transporte son escasas e pouco densas.
- O sistema de transporte máis utilizado é o terrestre.
- Entre as redes de transporte terrestre destacan a estrada e o ferrocarril:
 - A estrada é a máis utilizada para transportar mercadorías e persoas.
 - O ferrocarril é óptimo para percorrer distancias medias e longas, tanto para pasaxeiros como para mercadorías.

12.2. TRANSPORTE AÉREO E MARÍTIMO

- O transporte aéreo é o máis axeitado para o desprazamento de persoas a grandes distancias e para o transporte de mercadorías lixeiras.
- O transporte marítimo é a forma máis idónea para desprazar a moita distancia mercadorías pesadas ou perigosas a baixo prezo.

13. SECTOR TERCIARIO. O TURISMO

13.1. CAUSAS DO DESENVOLVEMENTO DO TURISMO

- Xeralización da semana laboral de cinco días e o período de vacacións pagadas.
- Asegurar aos traballadores pensións de invalidez e de vellez.
- A xeralización do uso do automóbil e a extensión das viaxes en avión.

13.2. CLASIFICACIÓN DOS DESPRAZAMENTOS TURÍSTICOS

- Núcleos turísticos cercanos: situados nun radio de ata 200 km da orixe.
- Núcleos turísticos intermedios: situados nun radio de ata 2.000 km do centro.
- Núcleos turísticos lonxanos: situados a partir de 2.000 km.

13.3. A IMPORTANCIA ECONÓMICA DO TURISMO

- Para a economía dun país o turismo é unha fonte de riqueza.
- O turismo provoca a creación e expansión de empresas e servizos: compañías aéreas, axencias de viaxes, hoteis, ocio.
- Nos países pobres os beneficios do turismo contabilízanse no país de orixe das grandes compañías turísticas.

13.4. OS EFECTOS DO TURISMO

- Efectos positivos: - Ingresos dos turistas e emprego de man de obra no país de destino.
- Dinamización de outros sectores económicos.

- Contacto con outras culturas.
- Facilita a aprendizaxe de novas linguas.
- Efectos negativos:
 - Aumento dos prezos.
 - Incremento da especulación do solo.
 - Creación de postos de pouca cualificación e mal remunerados.
 - Aumento do paro en épocas non turísticas e crise económica.
 - Provoca graves impactos medioambientais.

13.5. O TURISMO EN ESPAÑA

- O turismo en España experimentou o seu máximo empuxe na década de 1960 converténdose nun fenómeno de masas de procedencia basicamente estranxeira.
- Os principais puntos de procedencia do turismo exterior que visita España son : Reino Unido, Alemaña, Francia, Italia, Estados Unidos e Portugal.
- A maior oferta de hoteis e hostais, ademais dos apartamentos de uso turístico, sitúase en Baleares, Canarias e Cataluña, o número de hoteis e hostais incrementouse ao engadir o turismo interior ao exterior.
- Actualmente, os servizos vencellados ao tempo libre implican unha gran mobilidade da poboación do propio país.

14 ECONOMÍA GLOBALIZADA E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Visto en temas anteriores